



CONVENIO, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO, ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR
DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2026 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto a establecer as condicións e compromisos entre o INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e investigación no eido do Dereito de Consumo, establecer foros de debate e propostas conxuntas e facilitar a formación práctica no dereito do consumo. Esta participación no sistema arbitral de consumo permitirá ao persoal ao servizo da universidade, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, o estudo, recompilación, análise de laudos arbitrais, así como do funcionamento, en xeral, do sistema arbitral e as formas de protección dos dereitos dos consumidores polo IGCC, sen que, en ningún caso, poidan realizar traballos para o instituto

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 51 da Constitución Española reconece expresamente que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

O artigo 30.1, parágrafo 4, do Estatuto de Autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 y 149. 1. 11 y 13 da Constitución.

Dita competencia será levada a cabo polo Instituto Galego de Consumo segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias e artigo 4.1.k) do decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC.

Segundo.- Que o INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA e a Universidade de Santiago de Compostela son conscientes da importancia e necesidade da implicación do mundo universitario, expoñente do mundo do coñecemento, coa aplicación práctica do dereito de consumo dentro das súas diferentes vertentes, especialmente polas autoridades e administracións de





consumo, así como a de establecer foros de debate e propostas para o cumprimento da defensa dos consumidores e usuarios prevista na Constitución española de 1978, e facilitar a investigación en materia do dereito de consumo. Por elo, considérase que estes fins poden instrumentarse a través de diferentes formas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

